

Programa de Deseño para a Innovación e
a Sustentabilidade 2024 «DIFERENZA»

Martes 29 de xuño, 2021
De 09.30 a 12.00 h

IV Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia

A Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), organiza o IV Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial, no marco do **Día Mundial do Deseño Industrial**, orientado a potenciar o deseño no tecido empresarial galego como motor de innovación e competitividade.

Nesta edición, o foco céntrase en cómo o deseño e os procesos creativos poden e deben xogar un papel fundamental para a innovación en catro áreas fundamentais do contexto socioeconómico actual: **o reto climático, a transformación dixital, a competitividade empresarial e o benestar social**, en liña co novo **Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 «DIFERENZA»**.

DIFERENZA é un programa sustentable, que se fundamenta en potenciar a economía creativa para a innovación e o deseño estratéxico para a transformación social e económica de Galicia, dando continuidade á aposta polo deseño para a innovación iniciada por GAIN no ano 2018.

DIFERENZA inspírase en experiencias como o **Laboratorio de Formas** de Galicia, que nos anos sesenta idearon Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo, un proxecto multidisciplinar e colectivo capaz de protexer a cultura e a industria galega renovándoa, difundindo a súa identidade cultural, a partir da convicción de que o deseño e os procesos creativos son claves para cambiar o mundo e, máis concretamente, Galicia.

Ambas estratexias convidan a construír pontes a través do deseño, entre o mundo da arte e a cultura co mundo da ciencia e a tecnoloxía, da innovación e da economía, para traballar no reto común de proxectar ese novo escenario europeo para un futuro mellor e capaz de conseguir alcanzar os **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable** das Nacións Unidas e o **Pacto Verde** Europeo, contribuíndo a edificar un novo modelo de fogar europeo a partir do creativo, do inclusivo, do sustentable e do estético en termos económicos, sociais e ambientais como propón a Nova Bauhaus Europea.

Co novo **Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 «DIFERENZA»**, Galicia proxéctase como referencia económica sustentable e transformadora potenciando o deseño e os procesos artísticos como motores para a innovación.

Programa de Deseño para a Innovación e
a Sustentabilidade 2024 «DIFERENZA»

Martes 29 de xuño, 2021
De 09.30 a 12.00 h

IV Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia

Programa

09.30 – 09.40 h Apertura do Encontro por **Francisco Conde López**, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

09.40 – 10.00 h **Presentación do novo Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 (DIFERENZA).**

Patricia Argerey, directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

David Barro, director da Fundación DIDAC e director de Arte e Innovación en MadBlue.

10.00 – 10.25 h **Deseño para a sustentabilidade. Women Action Sustainability (WAS).**

Mónica Chao, directora de sustentabilidade de IKEA España e presidenta de WAS (Women Action Sustainability).

Isabel López Rivadulla, directora de comunicación e márketing en SIGNUS Ecovalor e vicepresidenta de WAS (Women Action Sustainability).

10.25 – 11.05 h **Deseños industriais do futuro: Casos de éxito en Galicia.**

Proxecto EEZON, un novo concepto de mobilidade urbana para flotas e servizos, máis segura, eficiente e sustentable.

Pedro Martínez, General Manager Grupo Marsan.

Proxecto NETV3A, un robot social para acompañar as persoas no seu día a día.

Luis Barros, CEO Atendo Calidad.

Proxecto CIRCADIONIC, novos modelos urbanos baseados nunha tecnoloxía de iluminación biodinámica.

Ángel González, CEO SETGA.

Programa de Deseño para a Innovación e
a Sustentabilidade 2024 «DIFERENZA»

Martes 29 de xuño, 2021
De 09.30 a 12.00 h

IV Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia

Programa

- 11.05 – 11.20 h **Cara a unha economía creativa: construíndo pontes entre o mundo da ciencia, a tecnoloxía, a cultura e a arte a través do deseño.**
A arte e os seus procesos creativos no mundo dos negocios.
Manuel Vázquez, artista e deseñador estratéxico en Soulsight.
- 11.20 – 11.50 h **Desenvolvendo a visión da New European Bauhaus.**
Iniciativa Bauhaus do Mar de Portugal.
Mariana Pestana, arquitecta.
Frederico Duarte, deseñador gráfico e industrial, crítico de *El Público* e comisario de deseño.
Iniciativa New European Bauhaus Galicia, Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
Beatriz Piñeiro, técnico de innovación e sustentabilidade, Galaria Empresa Publica de Servizos Sanitarios.
- 11.50 – 12.00 h **Galicia como referencia sustentable, transformadora e diferencial.**
Alberto Barreiro, deseñador estratéxico. Profesor de deseño de experiencias na escola danesa Kaospilot.